

ACTA ASEMBLEA ABERTA PROCESO ADIANTE

ÁMBITO

LOCALIDADE: Miño

COMARCA: As Mariñas – A Coruña

DATA: 21 de abril

LUGAR DE REALIZACIÓN: Local Social da Rúa

ASISTENCIA

NÚMERO DE ASISTENTES(no momento de maior participación) : 11

NÚMERO DE NON MILITANTES ASISTENTES: 8

NÚMERO DE MILITANTES CONVOCAD@S: tod@s

DESENVOLVIMENTO DA ASEMBLEA

PERSOAS A CARGO DAS QUE RECAEU A EXPLICACIÓN DO PROCESO:

A nivel local: Cristina López Sánchez

Representante Consello Nacional: Xavier Campos

NÚMERO DE PERSOAS QUE INTERVIRON: Todas

DURACIÓN APROXIMADA DA REUNIÓN: 1 hora 40 min

METODOLOXÍA EMPREGADA (clásica, grupos pequenos, pizarras, etc.):
clásica

VALORACIÓN POR PARTE DA PERSOA RESPONSÁBEL LOCAL DO
TRANSCURSO DA REUNIÓN:(tono xeral da xuntanza, comparativa cunha
assemblea ordinaria, valoración en xeral das e dos participantes, etc.) Valorámola
moi positivamente. Moi participativa e ton moi construtivo, asistencia de persoas
simpatizantes e propostas para mellorar.

Resulta complicado abordar un debate tan amplo e que resulte ordenado en tan pouco tempo e sen ter datos preparados previamente. É moi complicado estruturalo e as propias persoas asistentes indicaron que sería máis útil abordar o debate en grupos de traballo, con datos e profundidade, e despois traballar en base a iso. Porque así é demasiado aberto, só se poden dar pinceladas de cada tema e resulta bastante estéril.

Valorouse facer unha seguinte xuntanza para seguir afondando no debate mais finalmente desbotouse e preferiuse integrarse nos grupos de traballo as persoas que estean interesadas.

PROPOSTAS PARA O DEBATE

LISTAXE DE PROPOSTAS (o máis sintéticas posíbeis)

CON CARÁCTER XERAL

Refundar/refrescar. É necesario un Podemos galego e nacionalista.

Explicar o que é o nacionalismo. Simplificar o discurso. Intentar superar os prexuízos.

Cambio no discurso. Falar con datos. Claridade.

Querernos máis a nós mesmos, esquecernos das mareas e da xente que marchou.

A xente tenlle medo a independencia e imos con ese discurso por diante.

RADIOGRAFÍA DA GALIZA DE HOXE

Importancia dos medios de comunicación, sobre todo da televisión.

ESTRATEGIA POLÍTICA DO NACIONALISMO GALEGO

Temos que deixar de cambiar de nome. A xente pérdese con tanto cambio de nome. Conservar as siglas BNG.

É necesario unir, non dividir.

Valorase moi positivamente a campaña de Nós candidatura galega aínda que o resultado fora malo.

Transmitir emocións, sentimento na comunicación.

PARTICIPACIÓN POLÍTICA E MODELO ORGANIZATIVO

Temos que ter unha estrutura, mais deberamos cambiar de modelo de traballo.